



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA VENRES 29 DE XULLO DE 2022

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xuño do 2019, e

Tendo en conta que a sesión ordinaria debería realizarse o xoves 28 de xullo do 2022 pero que ese día celébrase o día de Padrón en Santiago de Compostela, acto ao que está convidada toda a Corporación Municipal, cámbiase o día de celebración ao venres 29, e en consecuencia

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: venres 29 de xullo de 2022
- ➔ Hora: 10:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE MAIO DE 2022.
2. DECLARACION DE ESPECIAL INTERES MUNICIPAL A CONTRUCCIÓN DO CAMPUS TECNOLÓXICO CORTIZO, AO AMPARO DO ARTIGO 9.1 DA ORDENANZA DO ICIO, PARA A BONIFICACION DO 30% DO ICIO.
3. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2021 E RENDICIÓN DA MESMA AOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO ALCALDE DE MODIFICACIÓN NÚMERO 2 DO NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.
5. DACION DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 341/2022 AO NÚMERO 500/2022.
6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 11-14/2022.
7. MOCIÓNS DE URXENCIA.
8. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira